Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso dun crecemento anual durante a décima lexislatura da axuda oficial ao desenvolvemento

- 11354 - 1475 (10/PRE-000264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da eficacia da política seguida nos oito últimos anos en materia de depuración e saneamento

- 11387 - 1481 (10/PRE-000265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado medioambiental das rías galegas

- 11381 - 1500 (10/PRE-000268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o estado de implantación en que se atopa a oficina xudicial nos xulgados das sete grandes cidades de Galicia, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial

- 11384 - 1933 (10/PRE-000304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o número de cursos de formación convocados polo Goberno galego no eido da xustiza nos últimos sete anos

- 11379 - 415 (10/PRE-000338)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e Pierres López, María Luisa

Sobre a consignación do investimento anunciado, así como as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, para o cumprimento do compromiso de construír un novo edificio xudicial na Parda, en Pontevedra

- 11383 - 987 (10/PRE-000351)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación do visor do expediente xudicial electrónico, ao longo do ano 2016, en todas as sedes xudiciais de Galicia, para todos os profesionais e para toda a cidadanía, e o número de sedes xudiciais que poden acceder na actualidade

- 11374 - 1183 (10/PRE-000354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o impacto que tivo no control do déficit público a redución do orzamento destinado á cooperación ao desenvolvemento, os obxectivos do Goberno galego na materia para a décima lexislatura e as súas previsións respecto do impulso dun crecemento anual da axuda oficial para ese fin

- 11380 - 1501 (10/PRE-000363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o estado de implantación en que se atopan as oficinas xudicial e fiscal nos xulgados das sete grandes cidades de Galicia, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial, as reunións levadas a cabo polas comisións autonómica e técnica nos últimos oito anos e os datos ao respecto

- 11390 - 461 (10/PRE-000380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida ao estado de conservación e mantemento no que se atopa, así como a potencialidade medioambiental, turística e de lecer da enseada dos Pasales, no linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, a data de recepción e as actuacións levadas a cabo en relación co acordo do Concello de Meaño ao respecto, así como as previstas para mellorar a súa situación

- 11274 - 3272 (10/PRE-000601)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as dificultades que lles está a ocasionar ás familias do barrio Novo Mesoiro, da Coruña, a carencia dos equipamentos educativos necesarios, as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión, na súa programación de equipamentos educativos, da creación dun centro público integrado nel e a garantía do seu inicio no ano 2017, así como da cubrición do patio de recreo do Colexio Manuel Murguía, de Feáns

- 11335 - 3599 (10/PRE-000663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa valoración que faría na actualidade unha delegación da Unión Europea respecto do estado de saneamento das rías galegas, a que realiza o Goberno galego ao respecto e as actuacións levadas a cabo dende a recepción dos informes da Unión Europea trala visita dos seus delegados, así como a proposta do sector referida á negociación de medidas de especial protección para as zonas de cultivo de bivalvos

- 11193 - 3720 (10/PRE-000670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a recuperación económica e o fomento do emprego no pequeno e mediano comercio

- 11396 - 4048 (10/PRE-000695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar os efectos negativos da seca

- 11273 - 4313 (10/PRE-000720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co aumento para as persoas consumidoras de electricidade en Galicia da factura da enerxía eléctrica por mor da aplicación do canon eólico, as

actuacións que vai levar a cabo para evitalo e a demanda ao Goberno central da modificación do artigo 16.4 da Lei do sector eléctrico

- 11309 - 4315 (10/PRE-000721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria de axudas para compensar os danos causados polo xabaril publicada o 15 de xullo de 2016, así como as formuladas con posterioridade ao 10 de outubro dese ano e as previsións respecto da súa convocatoria para o ano 2017

- 11326 - 4336 (10/PRE-000725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da intervención sociosanitaria recibida polo presunto homicida da muller falecida de xeito violento no Carbaliño o 29 de xaneiro de 2017, os protocolos de prevención postos en marcha para protexela e os mecanismos sanitarios que ten en funcionamento para atender as familias de persoas afectadas por enfermidades mentais

- 11336 - 4373 (10/PRE-000729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o número de granxas de coellos existentes en funcionamento en cada unha das provincias galegas, os datos referidos á súa produción e facturación, así como o prezo de venda nos últimos doce meses e a porcentaxe de produción galega en relación co total nacional

- 11308 - 4402 (10/PRE-000731)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de deterioración das augas do encoro dos Peares e a calidade que presentan nos outros encoros do río Miño, a realización de informes ao respecto, así como as súas previsións en relación coa solicitude ás empresas usufrutuarias da realización das análises correspondentes

- 11294 - 4410 (10/PRE-000732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para non realizar a avaliación anual establecida na disposición adicional quinta do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, e as previsións ao respecto

- 11324 - 4611 (10/PRE-000745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras de rehabilitación e acondicionamento, así como a apertura ao público das instalacións do mosteiro de San Clodio, no concello

de Leiro, os servizos relacionados co termalismo que se van pór en marcha nel e as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para potenciar e difundir os recursos turísticos dese termo municipal

- 11301 - 4692 (10/PRE-000751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos referidos ao número total de traballadores ocupados no sector primario, as causas da perda de afiliacións á Seguridade Social e as medidas previstas para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño, así como a creación de emprego no seu sector agrogandeiro

- 11372 - 4804 (10/PRE-000760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os datos referidos aos encontros, foros, seminarios ou charlas relativas ás reservas da biosfera de Galicia promovidas polo Goberno galego, os proxectos promocionados de cada unha delas e as reunións conxuntas dos seus órganos de xestión convocados, así como a súa opinión respecto da necesidade dun compromiso económico da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o desenvolvemento de proxectos e actuacións en común

- 11263 - 4818 (10/PRE-000762)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre os datos referidos aos traballadores propios e adscritos, categorías laborais e tipos de contratos existentes na sociedade mercantil pública autonómica Seaga

- 11325 - 5207 (10/PRE-000788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais

- 11344 - 5321 (10/PRE-000798)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ao censo de vacas de produción de leite, as explotacións e as sociedades agrarias de transformación do sector de produción de leite existentes por concellos, ata o 31 de decembro de 2016, en cada unha das provincias galegas, así como as explotacións que pecharon no ano 2016

- 11117 - 5336 (10/PRE-000803)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para recuperar e preservar o parque do Pasatempo, de Betanzos

- 11323 - 5377 (10/PRE-000810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre o estado de execución en que se atopan as obras de construción da residencia para persoas maiores de Paradela, a dotación do equipamento necesario e o prazo previsto pola Consellería de Política Social para a súa apertura, así como o modelo de xestión que vai ter

- 11286 - 5509 (10/PRE-000828)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central de dotación ao Corpo da Garda Civil en Galicia dos medios humanos e materiais necesarios, así como da mellora das condicións nas que se atopan os seus cuarteis

- 11343 - 5542 (10/PRE-000830)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás novas incorporacións á actividade pecuaria producidas en cada unha das provincias galegas durante o período 2012-2016

- 11297 - 5706 (10/PRE-000849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da falta de efectivos da Policía Nacional na actualidade en Galicia, así como a súa valoración no tocante ao número existente de prazas sen cubrir, a disolución de grupos de investigación e o lugar que ocupa Galicia en relación co resto das comunidades autónomas no referido á dotación de policía nacionais

- 11296 - 5731 (10/PRE-000853)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias das organizacións dos corpos de seguridade en Galicia referidas á falta de efectivos e de medios materiais que padecen, así como ás condicións nas que se atopan os cuarteis, e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

- 11289 - 5745 (10/PRE-000854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas na actual dotación de chalecos antibalas dos axentes das forzas e corpos de seguridade en Galicia, así como as súas previsións respecto da demanda ao Ministerio do Interior da fabricación doutro modelo específico para as mulleres policía

- 11327 - 5881 (10/PRE-000879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co programa *Vacacións en paz*, de acollemento temporal de nenos saharauís durante os meses de verán, as súas previsións respecto do incremento do orzamento destinado a ese programa e o mantemento do apoio institucional que lle vén prestando, así como o mantemento dalgún contacto co Goberno central para axilizar e facilitar os trámites necesarios

- 11295 - 6074 (10/PRE-000894)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión, na información institucional referida ás reunións do Consello da Xunta de Galicia, de todos os acordos adoptados e dos informes presentados, con independencia da materia á que se refiran, facilitando o acceso ao seu texto literal completo

- 11345 - 6097 (10/PRE-000895)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre os datos concretos da execución das convocatorias da Administración xeral da Xunta de Galicia derivadas das ofertas públicas de emprego aprobadas entre os anos 2012 e 2016, as razóns do baixo nivel que presentan e as medidas, así como o calendario previsto polo Goberno galego para axilizar as pendentas

- 11116 - 6382 (10/PRE-000921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co estado en que se topa o parque do Pasatempo, de Betanzos, así como o ofrecemento de colaboración da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Betanzos para ese fin, a decisión que vai adoptar ao respecto, as actuacións previstas para evitar a súa perda e o estado de tramitación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural

- 11282 - 6408 (10/PRE-000925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as razóns da demora e a data prevista pola Consellería do Mar para a realización da reunión solicitada polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa, así como a situación en que se atopan as cuestións demandadas por ese colectivo en relación co marisqueo

- 11176 - 6429 (10/PRE-000928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a fase de elaboración en que se atopa a tarxeta do peregrino e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa implantación

- 11304 - 6635 (10/PRE-000950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre os plans do Goberno galego para a renovación da frota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa cronoloxía e da dotación orzamentaria

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1.º

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 6 de xullo de 2017, pola que se toma coñecemento do escrito da directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia polo que se comunican erros materiais no Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (doc. núm. 11769)

Examínase o documento co número de rexistro de entrada núm. 11769, da directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, polo que se comunican erros materiais no Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Tendo en conta que a próxima reunión da Mesa do Parlamento non terá lugar ata o día 10 de xullo de 2017, a Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento do escrito da directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia polo que se comunican erros materiais no Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

2º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento na próxima reunión que teña lugar.

3º. Comunicar esta resolución ás deputadas e aos deputados da Cámara, aos portavoces dos grupos parlamentarios e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

4º. Publicar a presente resolución e o documento núm. 11769 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 416** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“a consignación do investimento anunciado, así como as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, para o cumprimento do compromiso de construír un novo edificio xudicial na Parda, en Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os orzamentos anuais da Comunidade Autónoma deben contar coa dotación económica necesaria para a execución dos traballos do novo edificio xudicial de Pontevedra conforme co ritmo de execución previsto.

Deste xeito, e tendo en conta o prazo de construción do edificio previsto en 21 meses desde o seu inicio, os orzamentos da Xunta de Galicia contaron xa no ano 2016 e contan nos anos 2017 e 2018 coa dotación necesaria para executar a dita construción.

A afirmación que se transcribe foi realizada polo representante da empresa adxudicataria da construción do edificio. Dentro da liberdade de empresa e das posibilidades de subcontratación que permite a normativa, a empresa construtora será a que decida as contratacións que vaia realizar. O desexo da Xunta de Galicia sería que as repercusións positivas da realización desta obra en Pontevedra e na súa comarca foran as máximas posibles.

A construción do novo edificio xudicial de Pontevedra foi obxecto de concesión de licenza urbanística de obra por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2016, téndose entregado, polo tanto, toda a documentación necesaria para o referido pronunciamento favorable do Concello. En particular, na documentación remitida constan os datos dos adxudicatarios dos servizos de dirección de obra, de dirección de execución e de coordinación de seguridade e

saúde, así como a manifestación de que, segundo o criterio da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, tanto o Estado como a Comunidade Autónoma están exentos de constituír depósitos, caucións ou calquera outro tipo de garantías previstos nas leis, de conformidade coa normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 13:18:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 955** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“os datos referidos ás empresas multinacionais que se instalaron en Galicia na novena lexislatura para desenvolver proxectos de I+D+i, así como as subvencións e axudas públicas que recibiron”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Do enunciado da iniciativa dedúcese que as cuestións formuladas fan referencia ao programa de Unidades Mixtas de Investigación da Axencia Galega de Innovación (GAIN), que foi lanzado no ano 2014 co obxectivo de promover agrupacións entre organismos de investigación de Galicia e empresas para o desenvolvemento de proxectos de I+D+i de alto impacto de forma conxunta e coordinada.

Neste sentido, infórmase que ata o momento se puxeron en marcha 24 unidades mixtas de investigación grazas a un apoio público de 23 millóns de euros, que está a posibilitar un investimento público - privado de 84 millóns de euros e a creación de máis de 360 empregos de alta cualificación na comunidade galega.

Tratase de proxectos protagonizados por centros de coñecemento galegos e empresas líderes nos seus sectores como Gas Natural-Fenosa, Repsol, Roche Farma, Coren, Navantia, Everis ou Borgwarner. De feito, unha de cada tres unidades mixtas están constituídas por empresas con domicilio social fora de Galicia.

Os datos sobre cada unha delas están recollidos nas resolucións das convocatorias de axudas, que están publicadas nos Diarios Oficiais de Galicia (DOG) número 195, do 13 de outubro de 2014; número 100, do 29 de maio de 2015; e número 237, do 14 de decembro de 2016. Todos eles están dispoñibles na Web de GAIN (<http://gain.xunta.gal>)

Por último, sinalar que xa está publicada a cuarta convocatoria do programa no DOG 108 do 7 de xuño de 2017, a cal está dotada de 5 millóns de euros en axudas públicas para o período 2017-2020, coas que se prevé unha mobilización de 17 millóns de euros en novas actividades de I+D+i en Galicia e a xeración de 60 empregos cualificados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2017 11:10:34



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 988** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da implantación do visor do expediente xudicial electrónico, ao longo do ano 2016, en todas as sedes xudiciais de Galicia, para todos os profesionais e para toda a cidadanía, e o número de sedes xudiciais que poden acceder na actualidade”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A implantación do visor do expediente xudicial electrónico está finalizada en todas as sedes xudiciais e fiscais de Galicia, e polo tanto dispoñible o visor para todo o persoal xuíz, fiscal e letrado da Administración de xustiza de Galicia.

Resultou unha implantación áxil, dado que se trataba dunha aplicación central á que se pode acceder a través dun contrasinal ou certificado dixital.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 13:18:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1013** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“os datos referidos á potencia eólica instalada en Galicia desde xaneiro de 2009 ata o 10 de novembro de 2016”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En xuño de 2014 iniciouse a construción do parque eólico de Cordal de Montouto, situado entre os municipios de Aranga (A Coruña) e Guitiriz (Lugo), conseguindo a acta de posta en marcha a finais dese ano tras o emprego de 258 persoas na súa execución.

Este parque eólico pertence a Gas Natural Fenosa e contou cun investimento superior aos 14 millóns de euros, sendo o primeiro parque eólico que entrou en funcionamento en España sen ningún incentivo á produción de electricidade. A infraestrutura dispón de seis aeroxeradores e unha potencia instalada de 14 megawatts (MW), que producirá uns 37 gigawatts por hora (GWh) anuais, equivalentes ao consumo eléctrico dunhas 12.000 vivendas.

Dentro deste contexto, cabe sinalar os proxectos de repotenciación dos parques eólicos de Cabo Vilano (Camariñas) e Malpica, promovidas por Pemalsa e Gas Natural Fenosa respectivamente. Ambos proxectos suman un investimento de 29,6 millóns de euros e, no seu conxunto, supoñen a substitución de 91 aeroxeradores por 9, diminuíndo deste xeito o seu impacto paisaxístico e medioambiental, ao mesmo tempo que se incrementa a súa capacidade de produción.

Sinalar tamén que o Goberno autonómico ten aprobado 25 parques do concurso eólico galego, acadando un total de 600,5 MW e un investimento de máis de 760 millóns de euros. Trátase dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oourol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno, Carracedo, Coto de Frades, Olerón, Neda, Figueiras, Serra do Faro, A Pastoriza, Cadeira e Bouteira.

Así pois, os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na comunidade, ao que se suma a creación de máis de 2.000 empregos directos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2017 11:10:22



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1184** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o impacto que tivo no control do déficit público a redución do orzamento destinado á cooperación ao desenvolvemento, os obxectivos do Goberno galego na materia para a décima lexislatura e as súas previsións respecto do impulso dun crecemento anual da axuda oficial para ese fin”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia deu cumprimento a todos os compromisos adquiridos nos sucesivos Plans anuais de Cooperación, que foron pagados puntualmente co correspondente exercicio. Por tanto, a solvencia e a boa execución orzamentaria (de case un 100%) foron sinais de identidade da Cooperación Galega desde o 2009 ata a actualidade.

Grazas a isto, Galicia tense situado nos últimos anos como a quinta comunidade en volume de axuda oficial ao desenvolvemento e o compromiso é seguir incrementando de xeito paulatino e sostible esta axuda.

O compromiso cara aos vindeiros anos é que, como mínimo, o incremento do orzamento se produza na mesma porcentaxe en que se aumente o orzamento consolidado da Xunta. Para o ano 2017 o orzamento en cooperación sobe un 7,7 %, cumprindo con creces co dito compromiso (o incremento é máis do dobre que o global da Xunta).

Do mesmo xeito, no último trimestre do ano 2017 iniciárase o proceso de elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega, que afondara no compromiso da Xunta coa cooperación para o desenvolvemento.

Dito plan, que establecerá os obxectivos e prioridades cara aos vindeiros catro anos, será elaborado coa participación do sector e aliñado coa Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible, aprobada en setembro de 2015 por Nacións Unidas. Nel, fíxase tamén a senda de crecemento orzamentario previsto para os vindeiros anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 14:10:11



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1502** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre “ **o estado de implantación en que se atopan as oficinas xudicial e fiscal nos xulgados das sete grandes cidades de Galicia, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial, as reunións levadas a cabo polas comisións autonómica e técnica nos últimos oito anos e os datos ao respecto**”, (publicada no BOPG número 21 do 29 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A oficina xudicial e fiscal está implantada desde a propia constitución da organización xudicial. Cuestión distinta son as ferramentas coas que se conta e a interacción entre os distintos órganos xudiciais e fiscais, para as que se adoita empregar a denominación de nova oficina xudicial e nova oficina fiscal. Neste marco, polo que atinxe á nova oficina xudicial, trátase dun proceso ligado a dúas cuestións: reorganizar espazos e dispor tecnoloxías adecuadas. Polo tanto, antes de proceder á implantación das novas oficinas era imprescindible dotarse da infraestrutura que lles permitira funcionar.

Nestes seis anos, o investimento en obras de nova planta e gran reforma de infraestrutura xudicial foi de 49,9 millóns de euros. A implantación do Plan Senda permitiu renovar máis do 85% dos equipos informáticos, xeneralizar os sistemas de videoconferencia e de gravación dixital nas salas de vistas ou dotar de acceso ao sistema LEXNET ao 100% dos nosos xulgados.

Ademais, no ano 2016 deuse un novo paso clave para a modernización e desenvolvemento da nova oficina xudicial: a posta en funcionamento da sede electrónica de xustiza e o visor do expediente xudicial.

Polo tanto, as distintas actuacións recollidas nos Plans de Infraestruturas Xudiciais, o Plan Senda 2009-2014, e o xa iniciado Plan Senda 2020 sitúannos nun escenario que reúne as condicións para poñer en marcha o deseño e implantación da nova oficina xudicial en Galicia.

Continuarase agora co trámite do proxecto de Decreto polo que se regula a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia, texto que foi presentado ás organizacións sindicais

máis representativas do Sector Xustiza, e que está dispoñible na páxina web xustiza.gal para coñecemento dos axentes implicados. Téñense iniciado, ademais, os traballos para consensuar o modelo concreto a desenvolver no partido xudicial de Ourense como primeira experiencia en Galicia e desenvolveo no vindeiro ano 2018.

Polo que atinxe á nova oficina fiscal, esta representa unha nova organización que parte dun modelo de referencia, aprobado polo Ministerio de Xustiza, Fiscalía Xeral do Estado e Comunidades Autónomas, polo que a tarefa de implantación presentouse moito máis doada, dada a menor complexidade organizativa e número de oficinas e persoal afectado.

Así, en setembro de 2014 publicouse o Decreto 124/2014, do 11 de setembro, que estableceu a estrutura e organización do novo modelo de oficina fiscal en Galicia. Con este decreto quedou establecido o marco indispensable para o desenvolvemento da nova organización.

Nesta modernización, un dos obxectivos principais é liberar de tarefas administrativas aos fiscais en xeral e, en particular, aos fiscais xefes. Así, créanse novos postos singularizados para funcionarios dos corpos xerais da Administración de xustiza.

No pasado ano 2016 finalizou o proceso de acoplamento de todos os postos das respectivas oficinas fiscais, entrando en funcionamento no conxunto das oficinas fiscais de Galicia o 1 de abril de dito ano, acompañado da dotación de medios tecnolóxicos ás fiscalías. Trátase dun feito que vén sendo recoñecido pola Fiscalía Xeral do Estado a través das reunións mantidas na Comisión de Coordinación coa mesma.

Por último, as tarefas de atención á xestión dos medios materiais e persoais ao servizo da Administración de Xustiza están sendo desenvolvidas polas distintas xefaturas territoriais das delegacións da Xunta e, no campo das súas competencias, polos decanatos xudiciais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 13:18:26



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2718** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a relación das subvencións e outro tipo de axudas públicas concedidas pola Xunta de Galicia á empresa Mar de Silleiro, S. L., (Baiona-Pontevedra) dende xaneiro de 2009 ata a actualidade”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A iniciativa *Mar de Silleiro* naceu no ano 2005 cando un grupo de 27 percebeiros de Baiona e A Guarda se uniron para presentar un proxecto en común co obxectivo de crear novos produtos derivados do percebe, un dos mariscos máis demandados en España. O seu proxecto consiste en comercializar, por unha banda, percebe natural enlatado e, por outra banda, paté de percebe con algas mariñas. Estes produtos buscan achegar valor engadido ao percebe, especialmente ao de pequeno tamaño, ao ser este un xénero con menor demanda e habitualmente máis barato.

A Consellería do Mar subvencionou con 42.386 euros a esta empresa, Mar de Silleiro, a través de fondos europeos por medio dos GACs (Grupos de Acción Costeira) en dous proxectos presentados nos anos 2010 e 2012, tal e como se pode ver a continuación:

MAR DE SILLEIRO					
DATA DE CONCESIÓN DA AXUDA	PROXECTO	OBXECTO DA AXUDA	CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS POR PARTE DA EMPRESA	CONTÍ A DA AXUDA	IMPORTE PAGADO
02/08/2010	Novos produtos de percebe	Produción e comercialización no mercado nacional de dous novos produtos: Conservas de percebe ó natural e Pastel de percebe con algas, elaboradas a partir de percebe. Prospección das posibilidades do mercado internacional para estes produtos.	Total	45.833,50	30.726,19
17/10/2012	Comercialización directa de produtos da pesca costeira artesanal e investigación de novas conservas a partir de percebe	Mellorar a comercialización dos produtos procedentes da pesca artesanal mediante a venda directa a cooperativas e asociacións de consumo responsable. Incremento da oferta de produtos en conserva ofertados pola empresa mediante a investigación e formulación de novos elaborados a partir de percebe e de ovas de ourizo, procedentes da pesca artesanal. Accións de mellora no deseño da presentación dos novos produtos	O beneficiario solicitou a modificación do proxecto xa que debido a situación económica resultáballe dificultoso acometer todas as inversións previstas. O 26 de abril de 2013 a xunta directiva do GAC considerando que as modificacións non desvirtuaban os obxectivos, características nin as condicións que se tiveron en conta para a aprobación do proxecto aprobou a solicitude de modificación e resolveuse a modificación do proxecto que supuxo unha minoración de 9.900€	21.559,88	11.659,88

Máis polo miúdo, e con respecto ao primeiro proxecto 'Novos produtos de percebe' hai que sinalar que este proxecto, clasificado como produtivo, perseguía os seguintes obxectivos xerais:

1- Produción e comercialización no mercado nacional de dous novos produtos: Conservas de percebe ó natural e Pastel de percebe con algas, elaboradas a partir de percebe de escaso valor comercial na venda en fresco.

-Percebe ó natural en conserva:

O produto consiste no pedúnculo pelado do percebe, cocido 'o natural', en auga con sal, e enlatado inmerso nesta salmoira. A vianda de percebe cociñada deste xeito mantén todas as súas características de sabor, presenza, textura... e está lista para engadir ós máis diversos cócteles ou pratos tipo revolto, salpicón, etcétera... Este produto da a oportunidade a restauradores e empresas de cáterin que traballen habitualmente o percebe en fresco de poder telo en stock, en conserva, e cunha presentación lista para incorporar a outro tipo de pratos elaborados.

-Pastel de percebe con algas:

O pastel de percebe con alga nori está elaborado a base de percebe do chamado "alongado", xunto con outros ingredientes como algas, un peixe branco, etc... O percebe alongado, de escaso valor comercial en fresco polo seu aspecto, mantén tódalas características organolépticas que fan do percebe o marisco rei. O pastel de percebe achega un produto de luxo a un sector de clientes que normalmente non teñen acceso a el, abrindo un potencial de mercado enorme. A presentación en paté a fai especialmente útil para a elaboración de canapés, pinchos...

2- Prospección das posibilidades do mercado internacional para estes produtos. -Pastel de percebe con algas.

Por outra banda, entre as actividades e investimentos que incluía esta axuda están os seguintes:

- Adecuación do local para almacén e oficina
- Vehículos e elementos de transporte
- Mobiliario de oficina
- Mobiliario para stand
- Equipos informáticos
- Programas informáticos
- Manual de identidade corporativa
- Deseño gráfico de etiquetado,packaging,expositores...
- Realización de audiovisual e fotografía dixital promocional sobre a produción do paté de percebe.

O 3 de novembro de 2011, proxectouse na Conferencia 'O futuro sostible das zonas de pesca' organizada por FARNET en Bruxelas, o documental do proxecto presentado ante o GAC Ría de Vigo - A Guarda: 'Comercialización de novos produtos de percebe', promovido pola empresa Mar de Silleiro, S.LV.

Pódese ver premendo no enlace: <http://www.youtube.com/watch?v=1ZDWoZJsm5I>

En canto ao segundo proxecto subvencionado a esta empresa 'Comercialización directa de produtos da pesca costeira artesanal e investigación de novas conservas a partir de percebe', temos que sinalar que tamén se trataba dun proxecto de tipo produtivo que buscaba mellorar a comercialización dos produtos procedentes da pesca artesanal mediante a venda directa a cooperativas e asociacións de consumo responsable. Por outra banda, tamén se buscaba incrementar a oferta de produtos en conserva ofertados pola empresa mediante a investigación e formulación de novos elaborados a partir de percebe e de ovas de ourizo, procedentes da pesca artesanal, así como tamén accións de mellora no deseño da presentación dos novos produtos. Por último, a Xunta de Galicia informa que, segundo os datos extraídos do Sistema Contable Xumco, non figura ningún pago referente a ningunha axuda ou subvención desde xaneiro de 2009 ata a actualidade en favor da empresa *Mar de Silleiro* nos restantes departamentos da Administración galega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2017 14:40:06



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
03 XULL. 2017
Núm. 11378

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 3 XULL. 2017
S A I D A
Núm. 621


En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 414, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre “a consignación nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2016 do investimento anunciado para o novo edificio xudicial da Parda, en Pontevedra”, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os orzamentos anuais da Comunidade Autónoma deben contar coa dotación económica necesaria para a execución dos traballos do novo edificio xudicial de Pontevedra conforme co ritmo de execución previsto.

Deste xeito, e tendo en conta o prazo de construción do edificio previsto en 21 meses desde o seu inicio, os orzamentos da Xunta de Galicia contaron xa no ano 2016 e contan nos anos 2017 e 2018 coa dotación necesaria para executar a dita construción.

A afirmación que se transcribe foi realizada polo representante da empresa adxudicataria da construción do edificio. Dentro da liberdade de empresa e das posibilidades de subcontratación que permite a normativa, a empresa construtora será a que decida as contratacións que vaia realizar. O desexo da Xunta de Galicia sería que as repercusións positivas da realización desta obra en Pontevedra e na súa comarca foran as máximas posibles.

A construción do novo edificio xudicial de Pontevedra foi obxecto de concesión de licenza urbanística de obra por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2016, téndose entregado, polo tanto, toda a documentación necesaria para o referido pronunciamento favorable do Concello. En particular, na documentación remitida constan os datos dos adxudicatarios dos servizos de dirección de obra, de dirección de execución e de coordinación



de seguridade e saúde, así como a manifestación de que, segundo o criterio da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, tanto o Estado como a Comunidade Autónoma están exentos de constituír depósitos, caucións ou calquera outro tipo de garantías previstos nas leis, de conformidade coa normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, appearing to read "Blanca García-Señoráns Álvarez".

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 460** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros deputados/as mais, sobre **”Sobre a valoración do Goberno galego respecto do estado de conservación e mantemento no que se atopa a enseada dos Pasales, no linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo”**, (publicada no BOPG número 7 do 4 de novembro de 2016), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A enseada dos Pasales forma parte da Zona Especial de Conservación (ZEC) Complexo Ons-O Grove, declarado Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Complexo Ons O Grove. Tamén ten a declaración de Humidade Protexido Complexo Intermareal Umia-O Grove-A Lanzada, Zona de Especial Protección para as Aves, Humidal de Importancia Internacional e Refuxio de Fauna.

Segundo recolle o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, o estado de conservación da enseada queda como segue:

- Avaliación global do lugar para a conservación dos hábitats: A (excelente, referido aos hábitats 1110 e 1140) e B (significativo, referido ao hábitat 1130)
- Avaliación global do lugar para a conservación das especies: Alto
- Valor de conservación: Moi alto.

No complexo intermareal Umia-O Grove atópanse extensas superficies intermareales limo-arenosas ben conservadas, con notable cobertura de fanerógamas mariñas. Durante o período invernal alberga unha media de 13.000 aves acuáticas. Presenta importancia

internacional para a invernada e migración de cullereiro (*Platalea leucorodia*), e importancia nacional para a invernada de gabita (*Haematopus ostralegus*), píldora cincenta (*Pluvialis squatarola*), pilro común (*Calidris alpina*) e agulla (*Limosa lapponica*).

Polo tanto, como o resto da enseada do Vao da que forma parte, á súa grande capacidade de acollida para a invernada de aves acuáticas converte á zona no mellor lugar para a súa observación de toda Galicia. Isto, sen dúbida, potencia o seu valor como lugar turístico e de lecer relacionado coa conservación da natureza.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do seu servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, realiza un traballo constante de vixilancia do espazo natural velando polo seu bo estado de conservación e denunciando as agresións e alteracións que eventualmente se produzan no medio natural. Este servizo dispón dunha patrulla de vixilancia dedicada exclusivamente ao espazo natural.

Entre os traballos que se veñen realizando de xeito periódico no espazo natural están a eliminación de flora exótica invasora, control de vertidos, eliminación de puntos de contaminación e lixo, seguimento da flora e fauna autóctona ameazada, así como información e divulgación dos valores naturais do espazo.

Simultaneamente, e de xeito periódico, a consellería pon a disposición dos concellos incluídos parcial o totalmente na Rede Natura 2000 axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos cofinanciados con fondos FEADER.

Con respecto á moción municipal á que se fai referencia na iniciativa, non se ten recibido no Servizo Provincial de Pontevedra ningunha moción do Concello de Meaño respecto do estado de conservación da enseada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 17:51:13



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
69	O GROVE	110029	Naturais	Complexo Ons-O Grove		2,26
70	O GROVE					0,01
			Zona de Especial Proteccion dos Valores	Complexo Intermareal Umia-O Grove	Humidal	
149	O GROVE	110027	Naturais	Grove	Protexid	14,36
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
45	O PINDO	110025	Naturais	Carnota-Monte Pindo		4,17
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
46	O PINDO	110033	Naturais	Costa da Morte		16,15
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
136	O PINDO	110025	Naturais	Carnota-Monte Pindo		0,01
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
91	O VICEDO	110032	Naturais	Costa da Mariña Occidental		7,14
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
92	O VICEDO	110031	Naturais	Costa da Mariña Occidental		0,06
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
163	O VICEDO	110032	Naturais	Costa da Mariña Occidental		0,5
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
63	PALMEIRA	110029	Naturais	Complexo Ons-O Grove		0,06
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
20	PONTEDEUME	110019	Naturais	Betanzos-Mandeo		0,86
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
54	PORTO DO SON	110026	Naturais	Complexo Húmido de Corrubedo		4,12
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
71	PORTONOVO	110029	Naturais	Complexo Ons-O Grove		9,4
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
148	PORTONOVO	110029	Naturais	Complexo Ons-O Grove		0,01
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
151	PORTONOVO	110029	Naturais	Complexo Ons-O Grove		0,22
			Zona de Especial Proteccion dos Valores			
53	PORTOSIN	110043	Naturais	Esteiro do Tambre		0,04
138	PORTOSIN	110043	Zona de Especial Proteccion dos Valores	Esteiro do Tambre		0

			Naturais					
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
82	REDONDELA	110040	Naturais	Enseada de San Simón				7,09
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
64	RIANXO	110080	Naturais	Sistema Fluvial Ulla-Deza				0,01
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
0	RIBADEO	110067	Naturais	Río Eo				0,01
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
1	RIBADEO	110015	Naturais	As Catedrais				0,17
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
3	RIBADEO	110015	Naturais	As Catedrais	A praia das Catedrais	Monumento Natural		0,04
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
4	RIBADEO	110064	Naturais	Ribadeo			Humidal Protexid	0,2
			Zona de Especial Proteccion dos Valores				Humidal Protexid	
93	RIBADEO	110067	Naturais	Río Eo				3,41
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
59	RIBEIRA	110026	Naturais	Complexo Húmido de Corrubedo				0,3
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
60	RIBEIRA	110029	Naturais	Complexo Ons-O Grove				0,42
61	RIBEIRA							0
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
7	SAN CIBRAO	110032	Naturais	Costa da Mariña Occidental				4,51
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
97	SAN CIBRAO	110032	Naturais	Costa da Mariña Occidental				0,26
			Zona de Especial Proteccion dos Valores					
80	VILABOA	110040	Naturais	Enseada de San Simón				6,4

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 14:13:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 16:30
Nº Rexistro: 11335
Data envío: 03/07/2017 14:13:15.383



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3720** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a recuperación económica e o fomento do emprego no pequeno e mediano comercio”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O fomento do comercio de proximidade é un dos eixos de actuación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que ten en marcha o Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio Galego de Galicia 2015-2020 co consenso do sector.

Este plan ten o obxectivo de apoiar a modernización, a innovación e a dixitalización das pemes comerciais da nosa comunidade, con 55 accións específicas articuladas arredor de tres grandes retos: afianzar un sector comercial renovado; impulsar o smart commerce e o comercio electrónico; e potenciar o comercio excelente, traballando na dinamización e a mellora continua. O reto, polo tanto, é o establecemento dun novo modelo de comercio intelixente que sitúe ao cliente no centro da súa estratexia aproveitando todos os recursos á súa disposición.

Así pois, este 2017 increméntanse as axudas neste eido ata os 5 millóns de euros para que un millar de comercios se sumen ás máis de 4.000 iniciativas que se teñen financiado nos últimos anos no eido de smart commerce e da mellora da imaxe dos establecementos comerciais.

En paralelo, lanzaremos novas axudas para potenciar a competitividade dos comerciantes galegos, a través da posta en marcha de proxectos comerciais innovadores, así como a implantación de novas fórmulas de comercialización e o apoio ao crecemento das pemes comerciais, ao tempo que ampliaremos o respaldo aos centros comerciais abertos e ás federacións de comerciantes para que impulsen a actividade comercial das novas vilas e cidades, a través da dinamización económica e o estímulo de demanda.

Tamén sinalar que se mantén o apoio da Consellería para mercados e prazas de abastos, coa finalidade de acadar a súa excelencia, e para o desenvolvemento de novos espazos de emprendemento comercial no rural. Igualmente, cómpre subliñar o feito de que as axudas do programa para a promoción e consolidación do emprego autónomo - que inclúe axudas pola contratación indefinida de persoas asalariadas - está aberto ao sector comercial, ao igual que o están as axudas dirixidas á facilitar o investimento e o emprego a contratación por parte das empresas.

Todas estas medidas, entre outras, teñen contribuído ao reforzo do sector comercial en Galicia, que no mes de maio conseguiu incrementar as súas vendas nun 5% con respecto ao mesmo mes do ano anterior fronte ao aumento do 3,8% rexistrado a nivel nacional; e un crecemento da ocupación do 2% en taxa anual.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2017 11:42:15



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4048** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as mais sobre **"Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar os efectos negativos da seca"**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os últimos datos dispoñibles, correspondentes á última semana de xuño, os encoros de abastecemento da Demarcación Galicia-Costa teñen un nivel de ocupación do 93,76 por cento, 4 puntos menos que no mesmo período en 2016, mentres que os de consumo hidroeléctrico atópanse ao 70,80 por cento. En total, a Demarcación Galicia-Costa está ao 72,92 por cento, 89,14 no 2016.

Con todo, cómpre subliñar que o abastecemento á poboación está garantido e non se ten constancia de incidencias de relevancia respecto a este aspecto.

Así e todo, a través de Augas de Galicia, estanse a intensificar os controis e está previsto que a Oficina Técnica da Seca (OTS) se volva reunir nos primeiros quince días do vindeiro mes de xullo.

A decisión que se tome será froito dunha análise dos distintos departamento que participan neste grupo multidisciplinar, na que se terán en conta os datos de precipitación para os próximos días ou a situación do caudal circulante.

Por parte de Augas de Galicia remitiuse unha comunicación aos concellos da Demarcación Galicia Costa cun conxunto de recomendacións para a adopción de medidas que están dentro das competencias municipais e que teñen como obxectivo reducir os consumos non esenciais de auga, especialmente durante a temporada estival.

Entre as mesmas destacan: limitar o baldeo das rúas, o fomento do uso responsable da auga nas instalacións municipais ou limitar a enchedura das piscinas.

Tamén se lle recomendou aos concellos que intensificasen as labores de mantemento da rede de abastecemento de cara a minimizar perdas de augar e realizar unha optimización do funcionamento do sistema de abastecemento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 18:28:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4313** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co aumento para as persoas consumidoras de electricidade en Galicia da factura da enerxía eléctrica por mor da aplicación do canon eólico, as actuacións que vai levar a cabo para evitalo e a demanda ao Goberno central da modificación do artigo 16.4 da Lei do sector eléctrico”**, (publicada no BOPG número 64 do 10 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.06.2017- polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria ao darlle resposta á pregunta 4312 sobre o similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:47:08&idvid=C3317004&duration=00:13:00&wmv=0000009983R-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017



Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4315** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria de axudas para compensar os danos causados polo xabaril publicada o 15 de xullo de 2016, así como as formuladas con posterioridade ao 10 de outubro dese ano e as previsións respecto da súa convocatoria para o ano 2017”**, (publicada no BOPG número 64 do 10 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En total, tramitáronse 1.281 solicitudes de axudas para compensar os danos ocasionados polo xabaril. Desta cifra foron resoltas favorablemente un total de 939. Por provincias, tramitáronse 211 na Coruña, 391 en Ourense, 452 en Lugo e 227 en Pontevedra.

As principais causas de rexeitamento de solicitudes foron o incumprimento de prazos para a súa presentación ou a non xustificación da titularidade das parcelas agrarias. Cómpre subliñar que non se recibiron solicitudes normalizadas ao abeiro da orde de axudas, fóra do prazo establecido nesta.

Dentro da xestión de danos producidos polo xabaril, encargouse un estudo no ano 2014 da estima da distribución espacial dos danos tanto aos cultivos agrícolas, os relacionados cos accidentes de tráfico e coa xestión cinexética da especie.

CVE-PREPAR: 2a771756-5ad2-6014-e8c5-a43610198d53

Actualmente, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio está a elaborar unha orde de axudas para a subvención de medidas preventivas encamiñadas a minorar na medida do posible estes danos.“

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 12:17:44



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4336** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da intervención sociosanitaria recibida polo presunto homicida da muller falecida de xeito violento no Carballiño o 29 de xaneiro de 2017, os protocolos de prevención postos en marcha para protexela e os mecanismos sanitarios que ten en funcionamento para atender as familias de persoas afectadas por enfermidades mentais”**, (publicada no BOPG número 64 do 10 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego expresa a súa máis firme condena polo asasinato por violencia de xénero de Virginia Ferradás Varela no concello ourensán do Carballiño. Neste caso, a vítima non presentara denuncia previa.

A Xunta fai un chamamento para que as mulleres que estean sendo vítimas de malos tratos denunciaren e así se lle poidan prestar as axudas necesarias, tanto a nivel de protección policial, coma a nivel económico coa fin de rachar coa situación de violencia na que están inmersas. Hai que lembrar que as vítimas teñen á súa disposición o teléfono 016, un teléfono gratuito que garante a confidencialidade, xa que non queda pegada na factura telefónica.

Así mesmo, cómpre facer un chamamento a toda a sociedade para que se rebele contra a repudiable lacra da violencia de xénero e entre todos poder rematar con este tipo de actos, e poder acadar a plena erradicación deste problema público e social de primeira orde.

O Goberno galego ten a disposición das mulleres vítimas da violencia de xénero varias medidas de protección e asistencia integral, como axudas económicas, apoio psicolóxico a través dun convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía, cun teléfono de asistencia gratuito as 24 horas do día; ademais dunha rede de acollemento, que consta de 5 casas de acollida e do Centro de Emerxencias situado en Vigo. E outras medidas de apoio e protección, coma o servizo de asesoramento xurídico online e o servizo ATENPRO (servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero).

Outro dos recursos é a aplicación EscApp, que ten por obxectivo achegar información de utilidade ás mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a rematar con este tipo de situacións.

Por último, cómpre lembrar que na nosa comunidade hai 82 Centros de Información á Muller en varios concellos de Galicia que realizan unha gran labor. Estes centros son servizos de proximidade onde poden acudir as mulleres vítimas de violencia de xénero para atopar axuda de profesionais na materia que poderán proporcionar asesoramento xurídico e psicolóxico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 13:50:21



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4373** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **”o número de granxas de coellos existentes en funcionamento en cada unha das provincias galegas, os datos referidos á súa produción e facturación, así como o prezo de venda nos últimos doce meses e a porcentaxe de produción galega en relación co total nacional ”**, (publicada no BOPG número 64 do 10 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A data 28/07/2017, o número de explotacións de produción e reprodución de coellos en estado de alta no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia, segundo as diferentes tipoloxías, é o seguinte:

PROVINCIA/CONCELLO	CENTROS INSEMINACIÓN ARTIFICIAL	CRÍA ANIMAIS COMPAÑÍA	PRODUCCIÓN CAZA REPOBOACIÓN	MULTIPLICACIÓN	PRODUCCIÓN CARNE	TOTAL
A CORUÑA	1	1	15		67	84
A POBRA DO CARAMIÑAL					1	1
ABEGONDO	1				4	5
ARANGA					1	1
ARTEIXO			1		1	2
ARZUA					5	5
AS PONTES		1			1	2
BOIMORTO			1			1
BOIRO					9	9
BOQUEIXON			1			1
CABANA BERGANTIÑOS					3	3
CAMARIÑAS					1	1
CARIÑO					1	1
CEDEIRA					2	2
CEE					1	1
CERCEDA			1			1
DODRO					1	1
FISTERRA					1	1
IRIXOA					1	1
MAZARICOS			1		3	4
MELIDE			1			1

PROVINCIA/CONCELLO	CENTROS INSEMINACIÓN ARTIFICIAL	CRÍA ANIMAIS COMPAÑÍA	PRODUCCIÓN CAZA REPOBOACIÓN	MULTIPLICACIÓN	PRODUCCIÓN CARNE	TOTAL
MIÑO			1			1
MONFERO					2	2
MUROS					2	2
MUXIA					2	2
NARON					1	1
NEGREIRA					1	1
O PINO			1		1	2
ORDES			2			2
OUTES					3	3
OZA DOS RIOS			1			1
PADERNE			1			1
PONTECESO					3	3
RIBEIRA					2	2
SANTA COMBA			2		3	5
SANTIAGO COMPOSTELA					1	1
SANTISO					4	4
SOBRADO					2	2
TOQUES					1	1
TOURO					2	2
TRAZO			1			1
ZAS					1	1
LUGO			1		45	46
A POBRA DE BROLLON					2	2
ALFOZ					2	2
ANTAS DE ULLA					4	4
BARALLA					1	1
BOVEDA					1	1
CARBALLEDO					1	1
CASTROVERDE					3	3
CHANTADA					4	4
FRIOL					2	2
GUITIRIZ					3	3
LANCARA					3	3
LUGO			1		1	2
MONFORTE LEMOS					1	1
MONTERROSO					2	2
MURAS					1	1
O CORGO					2	2
PALAS DE REI					4	4
PANTON					3	3
RIBADEO					1	1
RIBEIRA DE PIQUIN					1	1
SOBER					1	1

PROVINCIA/CONCELLO	CENTROS INSEMINACIÓN ARTIFICIAL	CRÍA ANIMAIS COMPAÑÍA	PRODUCCIÓN CAZA REPOBOACIÓN	MULTIPLICACIÓN	PRODUCCIÓN CARNE	TOTAL
VILALBA					2	2
OURENSE			1	1	67	69
A BOLA					8	8
A MERCA					4	4
A MEZQUITA					1	1
ALLARIZ					1	1
BALTAR					7	7
BAÑOS DE MOLGAS					1	1
BEARIZ					1	1
CARTELLE					1	1
CELANOVA					3	3
ESGOS					1	1
GOMESENDE					1	1
MACEDA					2	2
MANZANEDA					1	1
MASIDE					2	2
O BOLO					1	1
O IRIXO					1	1
OS BLANCOS					1	1
PADERNE DE ALLARIZ					2	2
PADRENDA					5	5
PIÑOR-CEA			1			1
QUINTELA DE LEIRADO					1	1
RAIRIZ DE VEIGA					3	3
SAN AMARO					2	2
SAN CRISTOBO DE CEA					2	2
TOEN					2	2
TRASMIRAS					1	1
VEREA					1	1
VILAMARIN					3	3
XINZO DE LIMIA				1	8	9
PONTEVEDRA			16	3	31	50
A CAÑIZA			1		1	2
A ESTRADA			1		3	4
A LAMA			1			1
AGOLADA			1		2	3
AS NEVES			1			1
BARRO			1			1
BUEU					1	1
CATOIRA			1		2	3
FORNELOS			1			1
LALIN					1	1
MARIN					1	1

PROVINCIA/CONCELLO	CENTROS INSEMINACIÓN ARTIFICIAL	CRÍA ANIMAIS COMPAÑÍA	PRODUCCIÓN CAZA REPOBOACIÓN	MULTIPLICACIÓN	PRODUCCIÓN CARNE	TOTAL
MEIS			1			1
MOAÑA					3	3
MONDARIZ			1			1
MORAÑA					1	1
O COVELO			1			1
O GROVE					1	1
O ROSAL					1	1
OIA					4	4
PONTEAREAS					2	2
RIBADUMIA			1			1
RODEIRO				3	6	9
SILLEDA					1	1
SOUTOMAIOR			1			1
VALGA			1		1	2
VILA DE CRUCES			1			1
VILABOA			1			1
TOTAL	1	1	33	4	210	249

Os titulares das explotacións cunícolas non teñen ningunha obriga de declarar a súa produción.

Os produtores non teñen obriga de comunicar a súa facturación.

A Central Agropecuaria de Galicia ABANCA acolle semanalmente, todos os venres, a Mesa de Prezos de coello. No marco desta Mesa produtores e industria reúnen para acordar os prezos de referencia cos que os operadores levarán a cabo as súas transaccións, constituíndo o foro de interlocución entre a oferta e a demanda, e xerando os prezos operativos para o mercado. Pódese dispor desta información no enderezo <http://feiragalicia.com/centralagropecuaria/index.php/es/cotizacions>.

Tendo en conta que a Mesa se celebra todos os venres, sinálanse os prezos medios de venda en cada un dos últimos 12 meses, calculados en base aos prezos establecidos nos diferentes venres do mes, e referidos a prezo en granxa en vivo, en €/kg.

ANO	MES	€/kg
2016	Xullo	1,550
2016	Agosto	1,717
2016	Setembro	1,550
2016	Outubro	1,738
2016	Novembro	1,920
2016	Decembro	1,738
2017	Xaneiro	1,620

2017	Febreiro	1,600
2017	Marzo	1,700
2017	Abril	1,700
2017	Maio	1,580
2017	Xuño	1,500
2016/2017	Media 12 meses	1,660

Segundo o último informe de indicadores económicos do sector cunícola publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA) no ano 2015, e á espera da publicación dos datos de 2016, a produción de carne de coello en Galicia supón un 19,2 % da produción nacional .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 16:20:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4402** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación de deterioración das augas do encoro dos Peares e a calidade que presentan nos outros encoros do río Miño, a realización de informes ao respecto, así como as súas previsións en relación coa solicitude ás empresas usufrutuarias da realización das análises correspondentes”**, (publicada no BOPG número 64 do 10 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás cuestións formuladas, cómpre indicar que a bacía do río Miño é de carácter intercomunitaria por atravesar varias comunidades autónomas. Ademais, esta bacía pertence á demarcación hidrográfica internacional Miño Sil.

O plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Miño Sil é a súa ferramenta básica de xestión en relación ao dominio público hidráulico e dá cumprimento ás esixencias da Directiva Marco da Agua (2000/60/CE) do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro do 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas. Este plan hidrolóxico crea un marco de protección para os distintos tipos de masas de auga que garanta o seu bo estado e promova o seu uso sostible, co establecemento duns obxectivos medioambientais. A consecución destes obxectivos medioambientais realizarase a través da activación duns programas de medidas que se inclúen no propio plan.

Por todo elo, Augas de Galicia non ten capacidade para adoptar medidas de protección sobre os recursos hídricos desta bacía e dos ecosistemas acuáticos nin ten facultades de policía sobre o dominio público asociado a esta bacía.

O papel de Augas de Galicia en relación á xestión do dominio público hidráulico na bacía intercomunitaria do río Miño concrétase na participación en órganos colexiados como o Consello da auga da Demarcación Hidrográfica do Miño Sil ou o seu Comité de autoridades competentes e representando á comunidade autónoma nos demais órganos colexiados nos que así o establece a lexislación vixente.“

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 12:17:21



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4410** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para non realizar a avaliación anual establecida na disposición adicional quinta do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 64 do 10 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia entende que ao longo dos últimos anos ten cumprido co seu deber de avaliar e informar acerca dos resultados prácticos da aplicación do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Aparentemente, a pregunta parlamentaria non ten en conta as diferentes comparecencias parlamentarias realizadas tanto nas anteriores dúas lexislaturas como na actual X lexislatura para tratar a situación do galego.

En todas estas comparecencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ofreceu diversa información en relación coa política lingüística que se está a desenvolver en distintos ámbitos da sociedade e, nomeadamente, no eido educativo.

A propia Disposición Adicional Quinta do Decreto 79/2010 a que especifica con claridade que será ‘a consellería competente en materia de educación’ a encargada de avaliar os resultados derivados da súa aplicación. Na actualidade, polo tanto, esta función correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Educativa

A avaliación estase a realizar segundo o establecido e a partir da información a partir da información que os propios centros educativos cargan no seu programa de xestión; dos mesmos pódese constatar un equilibrio lingüístico no ensino galego.

A política lingüística que está a realizar a Xunta de Galicia parte do convencemento de que o galego é útil en calquera ámbito e para todas as funcións. Esta política está fundamentada no mandato legal derivado do Estatuto de Autonomía de 1981 e da Lei de Normalización Lingüística de 1983, ao tempo que toma tamén en conta o Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNLG) aprobado pola Cámara galega no 2004.

A aplicación do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia adaptouse plenamente aos dous matices técnicos sinalados polo tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nas súas sentenzas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 13:41:59



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4611** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras de rehabilitación e acondicionamento, así como a apertura ao público das instalacións do mosteiro de San Clodio, no concello de Leiro, os servizos relacionados co termalismo que se van pór en marcha nel e as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para potenciar e difundir os recursos turísticos dese termo municipal”**, (publicada no BOPG número 68 do 17 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia, vén de rematar as obras para a conversión nun spa de viñoterapia do Mosteiro de San Clodio, situado no concello ourensán de Leiro. Un Mosteiro que, cabe destacar, non está pechado e no que se continúan a ofrecer os servizos hoteleiros habituais pola empresa xestora do Mosteiro, así como as visitas culturais ao mesmo.

Estas obras, que se veñen de rematar hai escasamente cinco días e que contaron cun investimento de 1,3 millóns de euros, estiveron centradas na rehabilitación da nave lateral do Mosteiro para o seu acondicionamento como spa-viñoterapia. Unha vez xa culminados estes traballos, vaise acometer tamén unha pequena rehabilitación do acceso central e lateral ao Mosteiro, que se atopaba algo deteriorado.

Esta actuación permite que Galicia poida contar cunha novidosa opción de turismo termal, centrada nun spa con viñoterapia, que abrirá ao público no momento da concesión da xestión do mesmo. Este novo spa viñoterapia permite, ademais, completar o uso hoteleiro do Mosteiro podendo gozar dun hotel e spa na contorna dun edificio con 500 anos de historia cunha piscina equipada con todas as prestacións dun spa. Tamén conta con saunas de vapor, duchas de contrastes, solarium externo cara os viñedos de Leiro, así como salas de masaxe, con tratamentos específicos de viñoterapia.

Con estes novos servizos do Mosteiro de San Clodio, a Xunta de Galicia pon en valor, potencia e difunde os recursos turísticos asociados a este concello ourensán de Leiro, centrados nas augas termais e no viño. Uns recursos que son eixos clave da estratexia turística da Administración autonómica, como importantes elementos diferenciadores da Comunidade galega.

Neste sentido, a Xunta continúa traballando no impulso ao termalismo, ao abeiro do Plan Termal e Turismo de Saúde, aliñado coa Estratexia do Turismo de Galicia 2020, con accións como o apoio á xeración de novos produtos e servizos baseados na innovación, a xeración de experiencias de base termal, artellando produtos de escapada que inclúan gastronomía, natureza e cultura e termalismo ou impulsando viaxes de familiarización, entre outras moitas accións. Estase a traballar, por tanto, para impulsar o turismo de saúde e termal como elemento singular da oferta turística de Galicia e como base dun turismo de alto valor engadido.

Do mesmo xeito, o enoturismo é outro dos eixes da estratexia de Galicia. Porque o potencial turístico dos espazos vitivinícolas, entre os que se atopa Leiro, é moi alto. E o enoturismo achega un alto valor engadido ao destino, fundamentalmente nos últimos anos, cando detectamos unha demanda crecente polo viño e a súa cultura. Por iso, a enogastronomía é un dos elementos tractores da estratexia turística, xa que permite alongar as temporadas do sector turístico galego. A Xunta está a traballar, en colaboración co sector, na definición de estratexias de comercialización que a sitúen como motivación principal de visita e na creación de produtos vinculados ao enoturismo, ofrecendo paquetes experienciais novidosos nos que a tradicional visita e cata na bodega se vexa complementada polas posibilidades que ofrece a contorna, coa intención de apoiar e consolidar a marca Enoturismo Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 13:38:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4692** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos referidos ao número total de traballadores ocupados no sector primario, as causas da perda de afiliacións á Seguridade Social e as medidas previstas para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño, así como a creación de emprego no seu sector agrogandeiro”**, (publicada no BOPG número 68 do 17 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno Galego fai unha valoración positiva da ocupación laboral. Tendo en conta os últimos datos, o paro cae en Galicia un 2,44% respecto ao mes de abril, e no sector da agricultura o fai un 1,79% ata os 7.386 parados, o mellor dato nun mes de maio dende 2011.

No interanual, mentres Galicia acada unha caída do 9,45%, no noso sector acadamos unha caída do 10,64%, con 879 parados menos que en 2016. Ademais no que vai de ano, no período xaneiro - maio, a caída supera tamén o 10% (10,36%), mentres que o total de Galicia cae un 5,87%.

En canto aos contratos formalizados no mes de maio en agricultura, acadouse un incremento do 11,85% respecto ao mesmo mes de 2016, con 234 máis, ata acadar 2.209 contratos nun mes.

Polo que debemos ter en conta que, no que vai de ano, o incremento respecto aos cinco primeiros meses de 2016 é dun 9,91%.

O rural precisa de actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida, sempre tendo en conta criterios de protección ambiental. Por este motivo elaboramos o Plan de fixación da poboación no medio rural, cunha dotación orzamentaria de preto de 231 millóns de euros.

O seu principal obxectivo é a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un

desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

O plan xira arredor de seis grandes eixos, que pasan pola cohesión territorial, a innovación e a formación, a agricultura sustentable, a mellora da competitividade, a remuda xeracional e a cooperación. Cada un deles desenvólvese en diferentes medidas (23 en total) dotadas co seu correspondente orzamento.

Con este conxunto de iniciativas está previsto crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e actuarase poñendo en valor case 330.000 hectáreas desde o punto de vista agrogandeiro e forestal, no período 2017-2020. Estes indicadores forman parte do plan, no que se especifican as previsións derivadas de cada unha das medidas.

Salientan os fondos destinados á cohesión territorial (algo máis de 72 millóns de euros), á remuda xeracional (65 millóns) e ao fomento da agricultura sustentable (35,6 millóns). Para mellora da competitividade están orzamentados case 41 millóns de euros, para innovación e formación outros 10,3 millóns e para impulso da cooperación preto de 7 millóns. Así, o total do investimento contemplado no plan supera os 230 millóns de euros.

A posta en marcha deste plan xorde da loita que a Xunta de Galicia leva a cabo de forma transversal contra a despoboación do rural. A realidade actual é que a pesar de que o 97,8% dos concellos defínense como rurais (son 263 municipios, que abarcan o 90% do territorio), estas zonas reúnen só o 39,7% da poboación.

Todas as medidas contempladas neste plan terán unha repercusión positiva sobre os habitantes do rural tanto das comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño, como no resto dos concellos do rural galego, ben sexa para mellorar as súas rendas ben para consolidar as súas explotacións ou facilitar unha remuda xeracional no agro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 9:43:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4804** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as mais sobre **”Sobre os datos referidos aos encontros, foros, seminarios ou charlas relativas ás reservas da biosfera de Galicia promovidas polo Goberno galego, os proxectos promocionados de cada unha delas e as reunións conxuntas dos seus órganos de xestión convocados, así como a súa opinión respecto da necesidade dun compromiso económico da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o desenvolvemento de proxectos e actuacións en común”**, (publicada no BOPG número 68 do 17 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Das seis Reservas da Biosfera existentes en Galicia, a Xunta de Galicia é responsable da declaración e xestión compartida de dúas: a Reserva da Biosfera Río Eo, Ocos e Terras de Burón e a Reserva Transfronteiriza Gerês-Xurés.

As dúas reservas contan cunha programación de actividades, entre as que destacan iniciativas informativas, de debate sobre o patrimonio cultural ou obradoiros de valorización patrimonial. A isto súmase a programación das outras catro reservas, cuxos órganos xestores son os responsables das súas actividades divulgativas.

Para levar a cabo actuacións conxuntas coas Reservas da Biosfera, a Consellería de Medio Ambiente ten subscrito un convenio de colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) coa finalidade, entre outras, de traballar en rede coas Reservas da Biosfera de Galicia.

Neste marco de actuación, nos últimos anos realizáronse numerosos encontros, charlas e programas formativos para as Reservas da Biosfera de Galicia.

En abril de 2016 celebrouse en Santiago de Compostela, por convocatoria da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, unha reunión conxunta dos xestores das reservas da biosfera Río Eo,

Oscos e Terras de Burón e Xurés-Geres, sobre os proxectos de financiamento europeo Biolabs e Redbiosudoe.

Igualmente a Dirección Xeral de Patrimonio Natural convocou no período 2016-2017 dúas reunións con todos os xestores das Reservas da Biosfera de Galicia para tratar da creación da Rede Galega de Reservas da Biosfera e darlles a coñecer o contido da nova Lei de patrimonio natural.

A aprobación da normativa que regule a rede facilitará as reunións conxuntas das reservas da biosfera para o intercambio de experiencias e coñecementos entre elas, e institucionalizará encontros que ata o de agora, viñan tendo lugar en seminarios ou foros.

A Rede de Reservas da Biosfera de Galicia ten os seguintes obxectivos:

- Crear novos vínculos entre as Reservas da Biosfera declaradas en Galicia e reforzar os xa existentes.
- Propiciar a colaboración entre todas as Reservas integrantes da Rede, para avanzar na consecución dos seus obxectivos de conservación, desenvolvemento e apoio á investigación.
- Fomentar a cooperación entre os integrantes da Rede, promovendo a realización de proxectos comúns.
- Constituír a canle adecuada pra o intercambio de coñecementos e experiencias das distintas Reservas integrantes na Rede.
- Colaborar con outras Redes territoriais ou temáticas do Programa Home e Biosfera.
- Reforzar a posta en valor das Reservas de Biosfera de Galicia como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación.
- Promover o coñecemento e difusión dos valores das Reservas da Biosfera de Galicia.

Tras a aprobación do decreto que crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia prevese implementar a actividade da dita rede para contribuír ao fornecemento da visibilidade das reservas da biosfera na sociedade, o reforzamento da capacidade de xestión e coordinación das Reservas da Biosfera e a conservación dos espazos de interese ambiental nela incluídos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 17:39:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4818** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos traballadores propios e adscritos, categorías laborais e tipos de contratos existentes na sociedade mercantil pública autonómica Seaga”**, (publicada no BOPG número 68 do 17 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta iniciativa na pasada Comisión 7ª, celebrada o 12 de abril de 2017, polo director xeral de Ordenación Forestal, dando resposta á pregunta oral 4817.

A empresa SEAGA desempeña diversas funcións, tal e como recolle o seu obxecto social, polo que o número de traballadores é moi variable. O número promedio de traballadores que prestou servizos durante o exercicio de 2016 foi de 226, tendo en conta o cómputo de xornadas efectivas traballadas. A cifra supera os 650 traballadores na época de perigo alto de incendios forestais, non chegando aos 100 ao remate do exercicio.

Na actualidade prestan servizos de xeito permanente en SEAGA un total de 31 traballadores, en período alto de incendios forestais, e conta cun cadro persoal discontinuo de 528 traballadores para a realización de encomendas de xestión de prevención e defensa contra incendios forestais e ademais, para atender encomendas de xestión de diversa natureza e procedentes doutras consellerías e entidades do sector público autonómico, realízanse contratacións temporais por obra ou servizo determinado.

Todo o persoal de SEAGA é persoal laboral, tal e como corresponde a unha sociedade mercantil. Conta con 4 grupos e 35 categorías profesionais correspondentes a diversas titulacións, tal e como aparece nas Bases de Selección de Persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. que se poden consultar na súa páxina web. As modalidades contractuais son as de persoal permanente, persoal discontinuo e persoal temporal.

Na modalidade de contratación permanente distinguimos 5 indefinidos, 21 indefinidos non fixos, 4 interinos, e 1 de alta dirección, o que fai un total de 31 traballadores.

Na modalidade de persoal discontinuo distinguimos 399 interinos e 129 indefinidos non fixos, o que fan un total de 528 traballadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 11:42:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5207** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi contestada polo Goberno galego, na sesión plenaria do Parlamento de Galicia celebrada o 8 de marzo de 2017, en resposta a unha pregunta oral co número de rexistro 5205, presentada polo mesmo Grupo Parlamentario.

Tal e como xa se explicou, a reunión entre a delegada territorial da Xunta en Ourense, e a alcaldesa de Melón, produciuse o 14 de febreiro a petición da alcaldía. O obxectivo do encontro foi coñecer as principais demandas deste concello.

Na Delegación Territorial descoñecíase que a alcaldesa acudiría acompañada á reunión. Con todo, non se considerou necesario impedir a presenza do acompañante no despacho da delegada, como nunca se prohibiu a ninguén acceder ao mesmo como citado/a ou como

acompañante, sen que isto provoque ningún tipo de confusión respecto dos roles desempeñados por cadaquén.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 13:39:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5321** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **”os datos referidos ao censo de vacas de produción de leite, as explotación e as sociedades agrarias de transformación do sector de produción de leite existentes por concellos, ata o 31 de decembro de 2016, en cada unha das provincias galegas, así como as explotacións que pecharon no ano 2016”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

3	Lugo	MONTERROSO	Porcos ceba	1.734,67
3	Lugo	MONTERROSO	Vacas carne.....	42,00
4	Lugo	MONTERROSO	Vacas leite.....	74,25
1	Lugo	MONTERROSO	Viñedo Preferente.....	2,83
1	Lugo	MONTERROSO	Xatos ceba.....	80,00
2	Lugo	NAVIA DE SUARNA	Vacas carne.....	46,00
1	Lugo	O CORGO	Invernadoiro hortaliza...	0,31
1	Lugo	O CORGO	Outras froiteiras.....	6,00
3	Lugo	O CORGO	Vacas carne.....	31,00
2	Lugo	O CORGO	Vacas leite.....	50,50
1	Lugo	O INCIO	Vacas carne.....	33,00
3	Lugo	O PARAMO	Vacas leite.....	88,33
1	Lugo	O PARAMO	Xatos ceba.....	240,00
1	Lugo	O SAVIÑO	Outras froiteiras.....	2,21
1	Lugo	O SAVIÑO	Pavos	12.100,00
2	Lugo	O SAVIÑO	Porcos ceba	1.722,00
1	Lugo	O SAVIÑO	Vacas carne.....	35,00
2	Lugo	O SAVIÑO	Vacas leite.....	74,00
1	Lugo	O SAVIÑO	Viñedo Preferente.....	4,09
2	Lugo	O VALADOURO	Hortalizas aire libre....	0,46
2	Lugo	O VALADOURO	Vacas carne.....	39,50
1	Lugo	OUTEIRO DE REI	Vacas carne.....	36,00
1	Lugo	PALAS DE REI	Aves carne.....	54.991,00
5	Lugo	PALAS DE REI	Vacas leite.....	96,00
1	Lugo	PANTON	Aves carne.....	53.631,00
1	Lugo	PANTON	Ovellas.....	227,00
1	Lugo	PANTON	Vacas carne.....	28,00
1	Lugo	PANTON	Viñedo Preferente.....	1,02
6	Lugo	PARADELA	Vacas carne.....	48,17
6	Lugo	PARADELA	Vacas leite.....	79,33

Nº INCORPORACIÓNS	PROVINCIA	CONCELLO	desc ORP	Promedio de unidades
1	Lugo	PEDRAFITA D CEBREIRO	Vacas carne.....	27,00
3	Lugo	POL	Vacas leite.....	71,67
6	Lugo	PORTOMARIN	Vacas leite.....	95,17
1	Lugo	QUIROGA	Viñedo Preferente.....	1,61
1	Lugo	RIBADEO	Arando	1,00
2	Lugo	RIBADEO	Hortalizas aire libre....	0,68
1	Lugo	RIBADEO	Invernadoiro hortaliza...	0,20
1	Lugo	RIORTORTO	Ovellas.....	280,00
1	Lugo	SAMOS	Vacas carne.....	57,00
2	Lugo	SAMOS	Vacas leite.....	38,00
1	Lugo	SARRIA	Aves carne.....	24.000,00
1	Lugo	SARRIA	Enxames	175,00
1	Lugo	SARRIA	Invernadoiro hortaliza...	0,37
1	Lugo	SARRIA	Outras froiteiras.....	1,64
2	Lugo	SARRIA	Poñedora ovo para incubar	23.900,00
1	Lugo	SARRIA	Porcos ceba	3.272,00
1	Lugo	SARRIA	Porcos ceba cadena	805,00
1	Lugo	SARRIA	Vacas carne.....	30,00
12	Lugo	SARRIA	Vacas leite.....	65,50
1	Lugo	SOBER	Ovellas.....	175,00
1	Lugo	SOBER	Vacas leite.....	111,00
5	Lugo	TABOADA	Vacas leite.....	48,80
1	Lugo	TRABADA	Hortalizas aire libre....	3,00
1	Lugo	TRABADA	Vacas carne.....	30,00
1	Lugo	TRIACASTELA	Vacas carne.....	93,00
1	Lugo	TRIACASTELA	Vacas leite.....	48,00
1	Lugo	TRIACASTELA	Xatos ceba.....	58,00
1	Lugo	VILALBA	Enxames	180,00
1	Lugo	VILALBA	Polo Corral	26.000,00
3	Lugo	VILALBA	Vacas carne.....	58,67
1	Lugo	XERMADE	Poñedora ecolóxica	300,00
1	Lugo	XERMADE	Vacas carne.....	25,00
1	Lugo	XOVE	Caracois	15.122,00
1	Ourense	MURCIA	Outros Cereais.....	110,00
1	Ourense	A BOLA	Ovellas.....	160,00
1	Ourense	A GUDIÑA	Ovellas.....	511,00
1	Ourense	A GUDIÑA	Porcos ceba	1.234,00
1	Ourense	A PORQUEIRA	Patacas	30,83
1	Ourense	A PORQUEIRA	Vacas carne.....	33,00
1	Ourense	A RUA	Pavos	12.568,00
1	Ourense	A VEIGA	Arando	6,00
1	Ourense	A VEIGA	Enxames	200,00
1	Ourense	A VEIGA	Vacas carne.....	85,00
1	Ourense	ALLARIZ	Hortalizas aire libre....	0,35
1	Ourense	ALLARIZ	Polo Corral	20.930,00
1	Ourense	ALLARIZ	Vacas carne.....	24,00
1	Ourense	AMOEIRO	Aves carne.....	76.250,00
1	Ourense	ARNOIA	Enxames	185,00
1	Ourense	ARNOIA	Semilleiros	0,03
1	Ourense	BALTAR	Xatos ceba.....	100,00
1	Ourense	BANDE	Enxames	250,00
1	Ourense	BAÑOS DE MOLGAS	Aves carne.....	23.660,00
1	Ourense	BARBADAS	Invernadoiro hortaliza...	0,30
1	Ourense	BARBADAS	Viñedo Preferente.....	2,53
1	Ourense	CALVOS DE RANDIN	Enxames	250,00
1	Ourense	CASTRO CALDELAS	Cogumelos	0,04
1	Ourense	CHANDREXA DE QUEIXA	Enxames	300,00
1	Ourense	COLES	Vacas carne.....	35,00
2	Ourense	LAZA	Cabras.....	175,00
1	Ourense	LOBEIRA	Enxames	250,00
1	Ourense	LOBEIRA	Ovellas.....	240,00
1	Ourense	LOBEIRA	Porcos ceba cadena	1.500,00
1	Ourense	LOBIOS	Aves carne.....	21.382,00
2	Ourense	MONTEDERAMO	Vacas carne.....	53,00
1	Ourense	MONTERREI	Viñedo Preferente.....	6,51
1	Ourense	MUIÑOS	Enxames	300,00
1	Ourense	O BARCO VALDEORRAS	Enxames	250,00

Nº INCORPORACIÓNS	PROVINCIA	CONCELLO	desc ORP	Promedio de unidades
2	Ourense	O BARCO VALDEORRAS	Viveiros Extensivo	0,83
1	Ourense	O IRIXO	Vacas carne.....	31,00
1	Ourense	OS BLANCOS	Porcos ceba	1.873,00
1	Ourense	OURENSE	Hortalizas aire libre....	0,77
1	Ourense	OURENSE	Porcos ceba cadena	1.286,00
1	Ourense	OURENSE	Vacas carne.....	25,00
2	Ourense	OURENSE	Viñedo Preferente.....	2,24
1	Ourense	PARADA DEL SIL	Vacas carne.....	34,00
1	Ourense	PONTEDEVA	Xatos ceba.....	100,00
1	Ourense	RAIRIZ DE VEIGA	Aves carne.....	76.648,00
1	Ourense	RAIRIZ DE VEIGA	Enxames	200,00
1	Ourense	RAIRIZ DE VEIGA	Vacas carne.....	51,00
1	Ourense	RIO	Vacas carne.....	80,00
1	Ourense	SAN CRISTOBO DE CEA	Porcos ceba	1.286,00
1	Ourense	SANDIAS	Aves carne.....	37.128,00
1	Ourense	SANDIAS	Ovellas.....	196,00
1	Ourense	SANDIAS	Patacas	9,34
2	Ourense	SARREAU	Aves carne.....	33.783,00
1	Ourense	SARREAU	Ovellas.....	279,00
1	Ourense	TRASMIRAS	Ovellas.....	200,00
2	Ourense	TRASMIRAS	Patacas	10,07
1	Ourense	TRASMIRAS	Porcos ceba	1.008,00
2	Ourense	TRASMIRAS	TRIGO	7,99
1	Ourense	VEREA	Vacas carne.....	64,00
1	Ourense	VERIN	Hortalizas aire libre....	0,72
1	Ourense	VERIN	Viñedo Preferente.....	5,06
2	Ourense	VIANA DO BOLO	Enxames	250,00
3	Ourense	VIANA DO BOLO	Vacas carne.....	37,00
1	Ourense	VIANA DO BOLO	Vacas leite.....	40,00
1	Ourense	VILAMARIN	Xatos ceba.....	125,00
1	Ourense	VILAMARTIN VALDEORRA	Viñedo Preferente.....	2,36
1	Ourense	VILAMARTIN VALDEORRA	Viveiros Extensivo	0,60
2	Ourense	VILAR DE BARRIO	Porcos ceba	1.922,50
1	Ourense	VILAR DE SANTOS	Invernadoiro hortaliza...	0,10
1	Ourense	VILAR DE SANTOS	Sabugueiro	0,80
2	Ourense	VILARDEVOS	Aves carne.....	42.417,00
1	Ourense	VILARDEVOS	Enxames	200,00
1	Ourense	VILARDEVOS	Ovellas.....	300,00
1	Ourense	VILARIÑO DE CONSO	Arando	6,00
1	Ourense	VILARIÑO DE CONSO	Ovellas.....	250,00
4	Ourense	XINZO DE LIMIA	Aves carne.....	53.433,50
1	Ourense	XINZO DE LIMIA	Invernadoiro hortaliza...	0,16
11	Ourense	XINZO DE LIMIA	Patacas	13,25
1	Ourense	XINZO DE LIMIA	Polo Corral	18.091,00
1	Ourense	XINZO DE LIMIA	Porcos ceba	2.651,00
1	Ourense	XUNQUEIRA DE AMBIA	Enxames	200,00
1	Ourense	XUNQUEIRA DE AMBIA	Patacas	7,00
1	Ourense	XUNQUEIRA DE AMBIA	Pavos	12.447,00
1	Ourense	XUNQUEIRA DE AMBIA	TRIGO	11,01
1	Ourense	XUNQUEIRA ESPADAÑEDO	Aves carne.....	42.291,00
1	Pontevedra	A ESTRADA	Enxames	220,00
1	Pontevedra	A ESTRADA	Outras froiteiras.....	2,59
1	Pontevedra	AGOLADA	Porcos ceba cadena	1.496,00
1	Pontevedra	AGOLADA	Vacas leite.....	30,00
2	Pontevedra	BARRO	Aves carne.....	15.000,00
1	Pontevedra	CAMBADOS	Viñedo Preferente.....	2,01
1	Pontevedra	CAMPO LAMEIRO	Enxames	209,00
1	Pontevedra	DOZON	Porcos ceba cadena	990,00
1	Pontevedra	DOZON	Vacas carne.....	77,00
1	Pontevedra	DOZON	Vacas leite.....	47,00
1	Pontevedra	FORCAREI	Aves carne.....	25.000,00
1	Pontevedra	FORCAREI	Pavos	13.595,00
1	Pontevedra	FORCAREI	Porcos ceba	1.037,00
2	Pontevedra	FORCAREI	Vacas carne.....	33,50
3	Pontevedra	LALIN	Aves carne.....	37.984,67
1	Pontevedra	LALIN	Cabras.....	130,00
2	Pontevedra	LALIN	Coellas.....	1.650,00

Nº INCORPORACIÓNS	PROVINCIA	CONCELLO	desc ORP	Promedio de unidades
1	Pontevedra	LALIN	Outros Cereais.....	0,64
2	Pontevedra	LALIN	Pavos	10.890,00
1	Pontevedra	LALIN	Poñedora ecolóxica	10.000,00
4	Pontevedra	LALIN	Porcos ceba cadena	1.149,75
1	Pontevedra	LALIN	Vacas carne.....	41,00
5	Pontevedra	LALIN	Vacas leite.....	37,00
1	Pontevedra	MARIN	Vacas carne.....	36,00
1	Pontevedra	MEAÑO	Invernadoiro hortaliza...	0,16
2	Pontevedra	MEIS	Invernadoiro hortaliza...	0,57
1	Pontevedra	O ROSAL	Vacas carne.....	29,00
1	Pontevedra	OIA	Vacas carne.....	66,00
1	Pontevedra	PONTEVEDRA	Arando	2,00
1	Pontevedra	PORTAS	Invernadoiro hortaliza...	0,09
6	Pontevedra	RODEIRO	Aves carne.....	32.441,17
3	Pontevedra	RODEIRO	Pavos	11.248,00
1	Pontevedra	RODEIRO	Polo corral ecolóxico	8.170,00
1	Pontevedra	RODEIRO	Poñedora ecolóxica	10.000,00
5	Pontevedra	RODEIRO	Porcos ceba cadena	998,40
1	Pontevedra	RODEIRO	Vacas carne.....	26,00
3	Pontevedra	RODEIRO	Vacas leite.....	40,00
1	Pontevedra	SALVATERRA DE MIÑO	Hortalizas aire libre....	0,76
1	Pontevedra	SILLEDA	Invernadoiro hortaliza...	0,05
1	Pontevedra	SILLEDA	Porcos ceba	1.286,00
1	Pontevedra	SILLEDA	Vacas carne.....	30,00
4	Pontevedra	SILLEDA	Vacas leite.....	27,75
1	Pontevedra	TOMIÑO	Invernadoiro flor	0,28
4	Pontevedra	VILA DE CRUCES	Vacas leite.....	50,25

Respecto aos tres últimos interrogantes dicir que as mesmas xa foron contestadas na resposta oral dada na Comisión 7ª do día 26 de maio de 2017, á pregunta parlamentaria 5541, deste mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 17:01:27



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5706** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da falta de efectivos da Policía Nacional na actualidade en Galicia, así como a súa valoración no tocante ao número existente de prazas sen cubrir, a disolución de grupos de investigación e o lugar que ocupa Galicia en relación co resto das comunidades autónomas no referido á dotación de policías nacionais”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Policía Nacional e a Garda Civil son corpos dependentes do Estado que, en materia de seguridade pública, ten a competencia exclusiva, de acordo co previsto no artigo 104.1 da propia Constitución e no artigo segundo da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

Neste marco, malia que a Xunta de Galicia ten ofrecido a súa colaboración para a mellora de infraestruturas e en materia de formación (a través do convenio asinado en 2015 co Ministerio de Interior para a formación do persoal dos corpos de seguridade do Estado en Galicia), non é competencia do Goberno galego a dotación de medios humanos e materiais a estes corpos, nin o seu dimensionamento.

Neste marco, polo que se refire concretamente á dotación de chalecos antibalas, cómpre informar de que a Dirección General de la Policía realizou as indicacións oportunas ás entidades subministradoras para a provisión de chalecos adecuados para o persoal feminino, aínda cando a porcentaxe de reparos formulados é moi baixo respecto ao total do equipamento.

Por último, cómpre sinalar que os datos da estatística oficial sobre infraccións penais que publica o Ministerio do Interior reflicten un descenso xeral en case todas as tipoloxías penais entre 2015 e 2016, o que non se corresponde coa situación de inseguridade exposta na iniciativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 14:17:04



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5731** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das denuncias das organizacións dos corpos de seguridade en Galicia referidas á falta de efectivos e de medios materiais que padecen, así como ás condicións nas que se atopan os cuarteis, e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Policía Nacional e a Garda Civil son corpos dependentes do Estado que, en materia de seguridade pública, ten a competencia exclusiva, de acordo co previsto no artigo 104.1 da propia Constitución e no artigo segundo da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

Neste marco, malia que a Xunta de Galicia ten ofrecido a súa colaboración para a mellora de infraestruturas e en materia de formación (a través do convenio asinado en 2015 co Ministerio de Interior para a formación do persoal dos corpos de seguridade do Estado en Galicia), non é competencia do Goberno galego a dotación de medios humanos e materiais a estes corpos, nin o seu dimensionamento.

Neste marco, polo que se refire concretamente á dotación de chalecos antibalas, cómpre informar de que a Dirección General de la Policía realizou as indicacións oportunas ás entidades subministradoras para a provisión de chalecos adecuados para o persoal feminino, aínda cando a porcentaxe de reparos formulados é moi baixo respecto ao total do equipamento.

Por último, cómpre sinalar que os datos da estatística oficial sobre infraccións penais que publica o Ministerio do Interior reflicten un descenso xeral en case todas as tipoloxías penais entre 2015 e 2016, o que non se corresponde coa situación de inseguridade exposta na iniciativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 14:16:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5745** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as máis, sobre **“a información do Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas na actual dotación de chalecos antibalas dos axentes das forzas e corpos de seguridade en Galicia, así como as súas previsións respecto da demanda ao Ministerio do Interior da fabricación doutro modelo específico para as mulleres policía”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Policía Nacional e a Garda Civil son corpos dependentes do Estado que, en materia de seguridade pública, ten a competencia exclusiva, de acordo co previsto no artigo 104.1 da propia Constitución e no artigo segundo da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

Neste marco, malia que a Xunta de Galicia ten ofrecido a súa colaboración para a mellora de infraestruturas e en materia de formación (a través do convenio asinado en 2015 co Ministerio de Interior para a formación do persoal dos corpos de seguridade do Estado en Galicia), non é competencia do Goberno galego a dotación de medios humanos e materiais a estes corpos, nin o seu dimensionamento.

Neste marco, polo que se refire concretamente á dotación de chalecos antibalas, cómpre informar de que a Dirección General de la Policía realizou as indicacións oportunas ás entidades subministradoras para a provisión de chalecos adecuados para o persoal feminino, aínda cando a porcentaxe de reparos formulados é moi baixo respecto ao total do equipamento.

Por último, cómpre sinalar que os datos da estatística oficial sobre infraccións penais que publica o Ministerio do Interior reflicten un descenso xeral en case todas as tipoloxías penais entre 2015 e 2016, o que non se corresponde coa situación de inseguridade exposta na iniciativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 13:18:03



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5881** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co programa Vacacións en paz, de acollemento temporal de nenos saharauís durante os meses de verán, as súas previsións respecto do incremento do orzamento destinado a ese programa e o mantemento do apoio institucional que lle vén prestando, así como o mantemento dalgún contacto co Goberno central para axilizar e facilitar os trámites necesarios”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia colabora co programa solidario Vacaciones en paz desde 1991, un apoio que continuará e se reforzará este ano.

Ata o momento, o Goberno galego cubría os gastos médicos e sanitarios dos nenos e nenas que visitan Galicia, a través dun convenio de colaboración anual entre o SERGAS e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS). Ao abeiro desta iniciativa, realizáronse intervencións por valor de máis de 1,4 millóns de euros entre 2010 e 2016.

Así mesmo, dende o ano 2013 a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, colabora coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí a través dun convenio de colaboración anual para sufragar os gastos de 7 menores do campamento de refuxiados de Tindouf (Alxeria). Os importes dos convenios foron de 6.000 euros en 2013, 2014 e 2015 e de 7.000 euros en 2016.

A partir de 2017, este apoio incrementábase e a Xunta de Galicia pasa a financiar, ademais, os gastos da viaxe dos nenos e nenas que veñan a Galicia, a través da colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social. En concreto, entre ambos departamentos achegarán un total de 150.000 euros. Esta colaboración formalizouse a través da sinatura dun convenio entre ambas consellerías e a SOGAPS.

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica mantén contacto co Goberno de España (Subdelegacións do Goberno en Galicia) en cumprimento do establecido na normativa de estranxeiría que lle obriga á emisión dun informe previo para a obtención dos visados dos menores.

En todo caso, a Xunta de Galicia manterá todos os contactos necesarios co Goberno do Estado para facilitar o desenvolvemento do Programa Vacacións en Paz.

Por outra banda, a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS), recibiu subvencións por importe de 560.691 euros entre os anos 2006 e 2016 para proxectos de axuda alimentaria e sanitaria á poboación saharauí a través do orzamento de cooperación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 13:55:50



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6074** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da inclusión, na información institucional referida ás reunións do Consello da Xunta de Galicia, de todos os acordos adoptados e dos informes presentados, con independencia da materia á que se refiran, facilitando o acceso ao seu texto literal completo”**, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 2 de xuño de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 6072, presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 14:16:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6097** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e varios/as deputados/as mais sobre **”Sobre os datos concretos da execución das convocatorias da Administración xeral da Xunta de Galicia derivadas das ofertas públicas de emprego aprobadas entre os anos 2012 e 2016, as razóns do baixo nivel que presentan e as medidas, así como o calendario previsto polo Goberno galego para axilizar as pendentes.** ”, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Estatuto Básico do Empregado Público así como a Lei de Emprego Público de Galicia establecen expresamente que unha vez aprobada e publicada a oferta de emprego público os respectivos procesos selectivos convocaranse no prazo máximo fixado naquela, e en todo caso a execución da oferta de emprego público débese desenvolver dentro de prazo improrrogable de tres anos, contado a partir do día seguinte ao da publicación daquela no correspondente diario oficial. Esta previsión tamén se recolle na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 con carácter básico.

Así pois, todas as ofertas de emprego están sendo executadas por esta Administración cumprindo as previsións legais.

De feito, todos os procesos selectivos correspondentes as ofertas de 2012, 2013 e 2014 están convocados, o que supón un total de 463 prazas, agás o correspondente as prazas de axentes medioambientais (10 prazas) por estar afectadas pola Lei de Emprego Público de Galicia, xa que prevé a integración desta escala no novo grupo B.

Así mesmo están tamén convocadas 161 prazas das 380 da oferta do ano 2015. E os procesos selectivos correspondente ás prazas de promoción interna de persoal laboral correspondentes a OEP de 2016 (en total 266) están sendo negociados neste mes de xullo coas organizacións sindicais.

Polo tanto, pódese dicir que o 56,80% das prazas correspondentes as OEP 2012-2016 están executadas.

É máis, hai que ter en conta que esta Administración convocará os procesos selectivos correspondentes a oferta do 2015 antes de marzo de 2018, e os de 2016 ten de prazo ata febreiro de 2019.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 17:07:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6382** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co estado en que se topa o parque do Pasatempo, de Betanzos, así como o ofrecemento de colaboración da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Betanzos para ese fin, a decisión que vai adoptar ao respecto, as actuacións previstas para evitar a súa perda e o estado de tramitación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural”**, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A Xunta, dentro das súas competencias e ao abeiro da Lei de Patrimonio de Galicia, apoia tecnicamente ao propietario do parque, o Concello de Betanzos para a rehabilitación do mesmo.

Non se pode confundir á poboación falando dunha negativa da Xunta a colaborar. En todo caso non sería responsabilidade da Xunta a despreocupación do Concello ante o estado de deterioro do parque, tras a reclamación dos veciños ao propio goberno local de Betanzos.

O apoio técnico da Xunta, dentro das súas competencias, é incuestionable.

A Xunta apoiará calquera iniciativa a este respecto e así se comprometeu a D.X de Patrimonio co mandatario local, para revisar toda a documentación, e a propia directora trasladoulle que a Consellería de Cultura porá a disposición do Concello todo o apoio técnico necesario para a declaración deste parque como BIC, así como para revisar cómo está orientado o anteproxecto de rehabilitación deste espazo singular cuxo mantemento e

xestión correspóndelle por lei ao propietario do ben que, repetimos, neste caso é o Concello de Betanzos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2017 18:54:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6408** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da demora e a data prevista pola Consellería do Mar para a realización da reunión solicitada polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa, así como a situación en que se atopan as cuestións demandadas por ese colectivo en relación co marisqueo”**, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende outubro de 2014 e ata a actualidade, a Conselleira do Mar tense reunido un total de 32 veces con representantes das confrarías da Ría de Arousa en distintas xuntanzas, visitas a confrarías ou reunións no despacho.

Deste total de encontros, hai que sinalar que tres reunións tiveron lugar con todos os patróns e patroas da ría, outras catro delas foron conxuntas con varios patróns e patroas, e por último, houbo outras 25 xuntanzas cos patróns ou patroas maiores de forma individualizada.

En canto ás xuntanzas coa directora xeral, desde outubro de 2014, data á que se fai referencia na formulación da pregunta, a titular deste departamento mantivo ata nove xuntanzas específicas sobre libre marisqueo e participou en máis de 50 xuntanzas individuais cos patróns ou patroas maiores concernidas

A este respecto, a seguinte solicitude conxunta de xuntanza foi tramitada para a celebración da reunión pertinente o 17 de setembro de 2015. Nese tempo transcorrido entre solicitude e reunión mantívose tamén unha xuntanza explicativa das labores propostas para o seu desenvolvemento nas zonas de libre marisqueo.

A esta cita conxunta confirmaron a súa presenza 13 patróns ou patroas maiores, namentres que un deles delegou a súa asistencia nun representante do sector do marisqueo.

Neste momento está pendente unha solicitude de xuntanza efectuada en abril de 2017, que será atendida no momento no que a Consellería do Mar dispoña dos últimos datos procedentes das análises e mostraxes dos bancos de libre marisqueo da Ría de Arousa.

Por tanto, o diálogo deste Goberno cos pósitos é constante e fluído non só en Arousa, senón tamén en toda Galicia, como non podería ser doutro xeito.

En relación á rexeneración do banco de libre marisqueo dos Lombos do Ulla, a Consellería do Mar informa que se traballará na zona cando as confrarías queiran e sempre que se fagan actuacións útiles, proveitosas e que estean aconselladas e ratificadas tecnicamente.

Este departamento sempre prestou especial atención aos Lombos do Ulla e trasladou ao sector a posibilidade de realizar un plan específico nas zonas de libre marisqueo de Arousa, tal e como se fixo noutras rías como a de Muros e Noia, Ferrol, Pontevedra, Vigo ou na banda sur da de Arousa.

Poderíanse acoller a este formato de xeito que lles permita xestionar a explotación das mesmas sen ter que someterse as condicións xerais que se establecen para as zonas de libre marisqueo non sometidas a plan nas Ordes anuais polas que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira.

A xestión mediante plan de explotación permitiría que as actuacións de mellora e rexeneración nestes bancos puideran ser deseñadas e propostas polas propias entidades e acollerse a axudas como as ofertadas a través da Orde do 31 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2017 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitadas como expediente anticipado de gasto.

Dito todo isto, hai indicios suficientes para ser optimistas, xa que as mostraxes deste banco levadas a cabo neste 2017 permiten apreciar que, pese a a experimentarse este inverno un novo episodio da marteliose, e a diferenza de anos anteriores -nos que desapareceu toda a poboación- neste momento nos Lombos do Ulla permanecen densidades apreciáveis de adultos de berberecho que pode contribuír de xeito importante a aumentar o recrutamento e a recuperación da poboación no banco.

En todo caso, cómpre poñer en valor os datos de descargas nos Lombos do Ulla con respecto á campaña anterior. Na última campaña multiplicáronse os desembarques por 10, xa que se pasou dos 15.000 kg en 2015 aos case 150.000 kg de 2016. Este feito supuxo que na última



campaña medrasen as vendas nun 282%. No caso do berberecho, pasouse de cero quilos en 2015 a 108.000 kg na campaña de 2016.

Se analizamos toda a ría de Arousa, na última campaña medraron os desembarques nun 85%, pasando de 281 Tn a 520 Tn en 2016, o que supuxo un aumento das vendas dun 65%. No caso do berberecho, pasouse de 1.000 quilos descargados en 2015 aos 111.000 kg en 2016, o que supón o 21% das descargas.

Por último, salientar que a Consellería do Mar está a desenvolver iniciativas para a rexeneración de zonas de marisqueo, xa que a recuperación e mellora dos hábitats mariños é unha das liñas prioritarias e de continuidade para esta lexislatura.

Cabe lembrar que entre 2010 e 2015 recuperáronse preto de 8 millóns de metros cadrados de superficie e investíronse preto de 5 millóns de euros en 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2017 12:40:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6429** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a fase de elaboración en que se atopa a tarxeta do peregrino e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa implantación”**, (publicada no BOPG número 87 do 22 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Camiño de Santiago é o principal elemento identificador de Galicia, constituíndo unha das súas sinais de identidade.

Dende a Xunta de Galicia inténtase ofrecer os mellores servizos e a mellor acollida ao peregrino, porque os peregrinos xeran un gasto moi importante na nosa Comunidade, en especial na capital galega, onde deixaron el 2015 algo máis de 26 millóns de euros.

O obxectivo desta tarxeta e tratar de proporcionar unha atención diferenciada ao peregrino para que poida gozar de servizos e descontos especiais en sectores como transportes, hostalería, comercio, visitas e excursións.

Na actualidade se está a desenvolver o proxecto da tarxeta ‘Pilgrim Pass’ dirixido á súa implantación, como experiencia piloto, na cidade de Santiago de Compostela.

Ademais se ten realizado xa a presentación da ‘Pilgrim Pass’ ás principais asociacións de hostalería, hospedaxe, restauración e comercio da cidade de Santiago de Compostela.

No decurso destas xuntanzas se ten establecido que a fórmula que pode resultar mais eficaz para a promoción desta tarxeta é a sinatura de acordos entre Turismo de Galicia e as diversas asociacións sectoriais para que elas trasladen aos seus asociados os contratos de adhesión, facilitando deste xeito a súa implantación que nace así avalada polos colectivos sociais relacionados con este proxecto. Os establecementos non adheridos a ningunha asociación dispoñen dunha adhesión individual.

Nestas xuntanzas se ten presentado xa o contrato de adhesión á 'Pilgrim Pass' para os diversos establecementos interesados.

En canto ao prazo de implantación, cómpre dicir que na actualidade se está pendente da recepcións do material necesario para a posta en marcha da tarxeta: displays, trípticos explicativos, impresos, tarxetas, etc. Unha vez recibido o material comezará a súa distribución entre as entidades adheridas de cara a súa presentación pública.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/06/2017 17:08:21



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6635** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as máis, sobre **“os plans do Goberno galego para a renovación da frota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa cronoloxía e da otación orzamentaria”**, (publicada no BOPG número 87 do 22 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta mantén unha liña de mellora continua dos recursos da Policía Autonómica. Dentro deste programa de equipamento e renovación dos medios operativos, está previsto renovar o 90% do parque móbil da Policía Autonómica entre 2015 e 2020. Para conseguilo, en 2015 investíronse 275.312 euros para renovar o parque móbil con 12 vehículos todo camiño 4x4, totalmente equipados para o servizo.

No 2017 está previsto investir uns 840.000 euros para dotar á Policía Autonómica con 30 novos vehículos todo camiño. A licitación, a través dun procedemento aberto, publicouse o 21 de xuño no Diario Oficial de Galicia, e o prazo de presentación de ofertas remata o 10 de xullo..”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2017 11:16:13



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
 REXISTRO XERAL ENTRADA

06 XULL. 2017

Núm. 11769

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

-6 XULL. 2017

SAIDA

Num. 638

Achégolle escrito remitido dende a Consellería de Facenda no que comunica os erros materiais detectados no "Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017", que tivo entrada no Parlamento de Galicia o 3 de xullo de 2017 e ten número de rexistro (11320).

Polo que, solicito que sexan emendados de acordo co indicado no indicado documento anexo.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
 Dirección Xeral de Planificación
 e Orzamentos

Edificio administrativo San Gaspar, Bloque
 15781 Santiago de Compostela, A Coruña
 Tlfno: 981 54 51 10 Fax: 981 54 51 94
 orzamentos@conselleriadefacenda.es

06 XULL. 2017

ENTRADA

Num. **360**

06 XULL. 2017

ENTRADA Nº

SERIE Nº **2240**

Detectáronse erros materiais no proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 139, do 4 de xullo de 2017, polo que solicitamos procedase a realizar os trámites oportunos para a súa corrección.

Ao respecto, os erros atópanse na disposición derradeira primeira, no número 1, na modificación do número tres do artigo 2 e nas dous últimas filas do cadro de distribución orgánica e económica, e son os seguintes:

1. Na fila de “ Total transferencias”:

- Na correspondente ao Capítulo II debe figurar 19.524.347.
- Na correspondente ao Capítulo III suprímese a cantidade e debe aparecer en branco.
- Na correspondente ao Capítulo VI suprímese a cantidade e debe aparecer en branco.
- Na correspondente ao Capítulo VII debe figurar 844.655.214.

2. Na fila de “ Total orzamento consolidado”:

- Na correspondente ao Capítulo II a cantidade que debe figurar é 1.634.463.826.

DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación
e Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

- Na correspondente ao Capítulo III a cantidade que debe figurar é 234.747.976.
- Na correspondente ao Capítulo VI a cantidade que debe figurar é 841.239.654.
- Na correspondente ao Capítulo VII a cantidade que debe figurar é 678.498.488.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

O director xeral

(P.A. Decreto 30/2017, de 30 de marzo)



María Castro Piñeiroa

DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727